

OS CONTOS DE CANTERBURY

348

[Pier Paolo Pasolini, 1972]

PASE ÚNICO EN NUMAX: 19.02.2018 | V.O.S.E. | +18

I racconti di Canterbury (1972, 109')

Dirección: Pier Paolo Pasolini

Guión: Pier Paolo Pasolini (Novela: Geoffrey Chaucer)

Elenco: Franco Citti, Ninetto Davoli, Laura Betti, Josephine Chaplin, Pier Paolo Pasolini, J.P. Van Dyne, Derek Deadman, Hugh Griffith, Tom Baker

Son: Gianni D'Amico

Montaxe: Nino Baragli

Vestuario: Danilo Donati

Dirección de arte: Carlo Agate

Música: Ennio Morricone

Fotografía: Tonino Delli Colli

Produtoras: Produzioni Europee Associate (Italia), Les Productions Artistes Associés (Francia)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Italiano

FILMOGRAFÍA

SELECCIONADA

Saló, o los 120 días de Sodoma, 1975

Las mil y una noches, 1971

El decamerón, 1971

Teorema, 1968

Pajaritos y pajarracos, 1966

El evangelio según San Mateo, 1964

Mamma Roma, 1962

Accattone, 1961

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 1972 (Oso de Ouro)

SINOPSE

Un estudante convence ao dono dunha pensión de que se aveciña un dioivo, para así pasar a noite coa muller deste. Un ancián insiste en casar cunha muller nova. Tres amigos, irmáns de sangue, encontran un tesouro e deciden dividilo en tres partes. Segunda longametraxe das tres que conforman a chamada Triloxia da Vida de Pier Paolo Pasolini (completada con *El Decamerón* e *Las mil y una noches*).

«Outro paseo pola existencia plena, voraz, desasistida de escusas. Destaca a súa habilidade para mesturar o inocente e o sagrado, o popular e o culto.»

Luis Martínez, EL MUNDO

VINDECINE. O TEMPO DE MARTÍN CÓDAX A TRAVÉS DO AUDIOVISUAL

En colaboración coa Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia



«Unha meditación sobre a ubicuidade da Morte»

Por Gino Moliterno

Os contos de Canterbury, adaptación da colección de relatos de Geoffrey Chaucer, compón a segunda peza da *Triloxía da vida*, tríptico cinematográfico iniciado con *El Decamerón* (1971), adaptación de Boccaccio sexualmente explícita e visualmente suntuosa, e que concluirá en 1974 coa posta en escena de *Las mil y una noches*. A filmografía difícil e provocativa que Pasolini desenvolveu na cargada atmosfera política da Italia dos 60 (con ensaios complexos como *Teorema* [1968] ou *Porcile* [1969]), contrasta con esta triloxía colorista que foi interpretada por moitos como o abandono explícito do autor dun certo papel provocador da burguesía italiana. Esta tese semellaba confirmarse cando, ao remate d'*Os contos de Canterbury*, seguindo o texto de Chaucer, podíase ler: «Aquí remata un filme realizado polo simple goce da narración. Amén». Máis adiante, en troques, Pasolini ten defendido con forza que os filmes da triloxía eran, dalgún xeito, os máis ideolóxicos da súa carreira.

O principio reitor da triloxía era a celebración da vida en toda a súa fisicidade e carnalidade, unha exaltación que o filme desenvolve a partir dunha sorte de carnaval primitivo sobre

o desexo do corpo humano como contestación intelectual e gozosa aos límites e represións impostas pola relixión e a moralidade burguesas. O sexo e os corpos espídos eran precisamente a maior crítica recibida polo filme. Moitos críticos repararon e criticaron con tanta forza a súa presenza que non repararon no contido que se atopaba diante deles, na pantalla. Por suposto, Pasolini non foi o primeiro en empregar o sexo como ferramenta de provocación ideolóxica nesta época, só temos que lembrar *El último tango en París* (1972), de Bernardo Bertolucci. Pero a crenza romántica de Pasolini no primitivo, no corpo instintivo como toque de pedra do real, funcionaba como único punto de resistencia ante o auxe da falsidade e a desacralización provocada polo consumismo capitalista e impulsada fundamentalmente polo poder da televisión.

Pero, deixando a un lado as consideracións ideolóxicas, *Os contos de Canterbury*, a pesar de gañar o Oso de Ouro en Berlín, figurou sempre como o curmán pobre da Triloxía, sen acadar nunca a aclamación crítica nin a popularidade dos outros dous filmes. Pasolini ten ofrecido diversas explicacións a esta infravaloración do filme. Nun nivel persoal, el atopábase nun momento moi baixo, e boa parte do seu sufrimento e angustia existencial aparece filtrado na película. Noutro nivel, Pasolini ten afirmado que o propio universo de Chaucer era máis escuro e gris cá soleada Italia de *El Decamerón* e ese ton leva a un enfoque máis pesimista. En calquera dos casos

é innegábel que o filme, tras o seu superficial sentido do goce, nos leva de Eros a Thanatos e que, finalmente, se sitúa como unha meditación sobre a ubicuidade da Morte.

Porén no filme hai treitos humorísticos, como o conto da cociña no que, durante dez minutos, homenaxea a Chaplin e a comedia muda americana. Os modelos figurativos de Brueghel e Bosch invocan poderosos efectos visuais e se cadra poderíamos atopar tamén alusións a Antonello Da Messina na recreación do estudio de Chaucer. En calquera caso, persoalmente confeso que sempre ficará comigo o monólogo do home vello no conto do *perdoador* a tres mozos matóns que se lle achegan e ameazan na busca da *morte traidora* que lles roubou o seu amigo. «Busquei moi lonxe, até na India, e non encontrei ninguén que quixese cambiar a súa xuventude pola miña vellez. Pobre díaño, vou polo mundo mañá e noite batendo a terra co meu caxato e preguntando á Nai Terra: Nai, déixame ir. Canto atoparán os meus ósos descanso eterno? Pero aínda así, non me ha conceder esa graza».

As palabras están no orixinal de Chaucer, por suposto, mais para min suxiren a idea dun presentimento de morte por parte de Pasolini. Finalmente, resulta difícil non concordar con aqueles que coidan que *Os contos de Canterbury* está máis próxima á morte de Saló que aos outros dous exhuberantes filmes da Triloxía que afirman a vida.

Publicado en <http://sensesofcinema.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Cuentos de Canterbury,
Geoffrey Chaucer. Cátedra, 2004

Escritos corsarios,
Pier Paolo Pasolini. Positivas, 1993

El evangelio según San Mateo,
Pier Paolo Pasolini. Divisa [DVD&BluRay]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónatete
e ven sempre
por **4,5€**

**Faite
NUMAX!**